

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE SETEMBRO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:00 horas do día 29 de setembro de 2011, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do

día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 28/07/2011 e 25/08/2011 así como as actas das sesións extraordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 03/08/2011, 21/09/2011 e 26/09/2011, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observacións ás mesmas. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade acordou:

ÚNICO.- Aprobar as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 28/07/2011 e 25/08/2011 e as sesións extraordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 03/08/2011, 21/09/2011 e 26/09/2011.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO DE DEPORTES A CONCELLOS EXERCICIO 2010

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 1282 de data 08/09/2011, no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención concedida para Infraestrutura e equipamento de deportes a concellos pola obra "Adecuación da instalación eléctrica e reparación da pista polideportiva do polideportivo municipal" por importe de 14.298,96 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO DE CULTURA A CONCELLOS EXERCICIO 2010.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 1283 de data 08/09/2011, no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención concedida para Infraestrutura e equipamento de cultura a concellos pola obra "Mellora dos equipamentos e infraestruturas culturais nos locais sociais de Arceo, Boimil, Buazo e Corneda" por importe de 17.992,04 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADE XERAL DE PROMOCIÓN ECONÓMICA A CONCELLOS EXERCICIO 2010.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 1284 de data 08/09/2011, no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención concedida para actividade xeral de promoción económica a concellos para o programa de dinamización económica, por importe de 9.999,84 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA SECCIÓN DE PATRIMONIO E CONTRACIÓN ACOMPAÑADO DO ESCRITO PRESENTADO POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XNTA DE GALICIA RELATIVO ÁS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA C.P. 0603 DE BOIMORTO AO ORXAL POLA MOTA PQ 1,300 AL PQ 10,400 (BOIMORTO E ARZUA)

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 1368 de data 28/09/2011, acompañado de escrito do servizo de patrimonio cultural do departamento territorial da Coruña da Consellería de Cultura e Turismo relativo ás obras "Ensanche, mellora de trazado e afirmado da C.P. 0603 de Boimorto ao Orxal pola Mota Pq 1,300 ao Pq 10,400 (Boimorto e Arzúa, A Coruña) no que se informa que a presentación de solicitude para a súa tramitación pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que teñan que contar co informe das comisións, deberá realizarse a través do correspondente concello, que achegará o oportuno informe urbanístico, indicando a viabilidade da obra, a identificación do ben cultural e a norma de aplicación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan dar traslado do presente escrito ao servizo de asistencia técnica-urbanística do Concello para que emita o preceptivo informe e posteriormente envíalo á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN PROGRAMA DE ANIMADORES DEPORTIVOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2010

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 1251 de data 29/08/2011, no que comunica a resolución de aprobación de aboamento de subvención de 7.500 € dentro do programa de animadores deportivos municipais para o ano 2010, que ten carácter de anticipo prepagable e a data límite para a súa xustificación será de dous meses a contar dende a data de remate do contrato.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6.- ESCRITO DA XUNTA DE GALICIA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria rexistro de entrada nº. 1254 con data 30/08/2011 no que se comunica a resolución da obra "Adecuación espazo público mercado tradicional" da seguinte contía:

Investimento 2011: 51.262,52 €

Subvención 2011: 38.446,89 €

Investimento 2012: 40.277,70 €

Subvención 2011: 30.208,28 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE FAMILIA E BENESTAR CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada 1331 de data 21/09/2011, no que se notifica a resolución de concesión de axuda solicitada por este Concello ao abeiro da orde do 30 de decembro de 2010 para o punto de atención á infancia (PAI), por importe de 8.775,05 €uros e que deberá ser xustificado o gasto por unha cuantía igual ou superior a 23.505,05 € antes do día 15 de outubro do ano en curso.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XEAL DE MOBILIDADE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS AUTORIZANDO TRANSPORTE REGULAR TEMPORAL A LUGARES DE LECER.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola xefa de servizo de concesións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada 1362 de data 28/09/2011, no que achega copia da notificación da resolución pola que se autoriza o transporte nocturno a lugares de lecer para a ruta Sobrado-Boimorto-Melide solicitado pola empresa RAMOS SEOANE, S.L. en data do 12 de xaneiro de 2011.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan colocar bandos informando do itinerario, horario e prezo deste novo servizo.

2.1.9.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XEAL DE MOBILIDADE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS AUTORIZANDO TRANSPORTE REGULAR TEMPORAL A LUGARES DE LECER.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola xefa de servizo de concesións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada 1363 de data 28/09/2011, no que achega copia da notificación da resolución pola que se autoriza o transporte nocturno a lugares de lecer entre Betanzos e Melide pola empresa AUTOS S. VÁZQUEZ, S.L. en data do 5 de xaneiro de 2011.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan colocar bandos informando do itinerario, horario e prezo deste novo servizo.

2.1.10.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA RELATIVO Á RENOVACIÓN DAS TARXETAS DE IDENTIDADE DOS VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE BOIMORTO.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo xefe de servizos de emerxencias da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistro de en-

trada 1255 de data 30/08/2011, no que se achegan ficha cos datos necesarios para a renovación das tarxetas de identidade dos voluntarios de protección civil que caducaron no presente exercicio para que sexa completada polo interesado nos recadros fotografía, grupo sanguíneo, sinatura e selo da agrupación.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.11.- ESCRITO DE NOVACAIXAGALICIA.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado por Novacaixagalicia en agosto 2011, no que se comunica a reenumeración de contas titularidade do Concello, con motivo da integración tecnolóxica, que substitúe a anterior a partir do 15/08/2011.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.12.- ESCRITO DE NOVACAIXAGALICIA

Pola secretaria dáse conta da comunicación enviada por Novacaixagalicia, no que se informa que dende o pasado día 15 de setembro Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra desenrola o seu negocio financeiro a través de NCG Banco, S.A. Por virtude do correspondente proceso de segregación, NCG Banco, S.L. sucede legalmente á Caja, con carácter universal. Fruto deste proceso este Concello pasou a ser cliente de NCG Banco, S.A. sen necesidade de realizar cambio nin xestión algunha.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.13.- ESCRITO DE UNIÓN FENOSA RELATIVO AO SOTERRAMENTO DE INSTALACIÓNS DE BAIXA TENSIÓN NO ENTORNO DO COLEXIO E A RÚA A RODA. EXPEDIENTE Nº: 218311050151.

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola empresa Unión Fenosa Distribución, S.A. de entrada nº. 1335 con data 22/09/2011 no que achega en anexo detalle das unidades da parte de obra eléctrica por un importe de 27.115,05 Euros relativa ao soterramento de instalacións de baixa tensión no entorno do colexio e a rúa a Roda, subvencionada pola Consellería de Economía e Industria para a realización da obra civil..

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.14.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA ASESORÍA XURÍDICA RELATIVO A COMPETENCIA DUN ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL PARA REDACTAR O PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUN GALPÓN PARA ALMACÉN DE PRODUTOS AGRÍCOLAS E APEIROS DE LABRANZA.

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, asesoría xurídica rexistro de entrada nº. 1286 con data 09/09/2011 no que informa que en relación coa cuestión sobre a que se solicita informe sobre competencia de enxeñeiro técnico industrial para redacción de proxecto de obras almacén agrícola, e á vista do contido da normativa e xurisprudencia mencionada no presente informe, resulta evidente que a resolución adoptada polo Concello de Boimorto axustase a dereito xa que o técnico competente para redactar o proxecto para o que se solicitaba licenza deberá estar en posesión da titulación en enxeñeiría agrícola.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as. **3.- LICENZAS, PERMISOS E AUTORIZACIÓNS**

3.1.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE DE EXPLOTACIÓN RECOÑECIDA NO LUGAR DE VILANOVA, PARROQUIA DE SENDELLE A INSTANCIA DE JOSE CARLOS CACHARRÓN SOUTO.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 26/09/2011 nº de rexistro de entrada 1346 por D. José Carlos Cacharrón Souto presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de “Ampliación de explotación gandeira en Sendelle, Boimorto (A Coruña)” no lugar de Vilanova parroquia de Sendelle; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López Colexiado nº 1049 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 20110887; presentando o oficio de dirección e execución de obra e anexo ao proxecto visados cos mesmos números; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural orixinario disperso e solo rústico de protección agropecuaria, situando a edificación na primeira das clasificacións.

Visto que a explotación conta con Recoñecemento de edificación destinada a actividade agropecuaria a nome de Jose Carlos Cacharrón Souto de data 28/01/2004.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 29/09/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 29/09/2011.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid nos que se sinala que segundo a documentación presentada esta actividade non aumentará os animais presentes na explotación polo que tampouco acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida; polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2b) da Lei 9/2002 e deberánse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza provisional de actividade a José Carlos Cacharrón Souto presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de “Ampliación de explotación gandeira en Sendelle, Boimorto (A Coruña)” no lugar de Vilanova parroquia de Sendelle; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López Colexiado nº 1049 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 20110887; presentando o oficio de dirección e execución de obra e anexo ao proxecto visados cos mesmos números; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural orixinario disperso e solo rústico de protección agropecuaria, situando a edificación na primeira das clasificacións.

SEGUNDO.- A presente autorización estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións:

- Estará condicionada a que non aumente os animais presentes na explotación (30), nin acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008, para cualificar como substancial a ampliación pretendida, e polo tanto, non está sometida ao procedementos de avaliación de incidencia ambiental.

- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais.

- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto presentado, no proxecto de licenza de obra concendida por Comisión de Goberno de data 13/06/2002, á licenza de actividade provisional exp 49/02 e ao informe sobre calificación de actividade da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente rexistro de entrada neste Concello nº 337 de data 30/05/2002.

- A licenza de actividade provisional debe cumprir o recollido no artigo 40 do PXOM de Boimorto para uso de categoría 2 así como o cumprimento de medidas correctoras contidas no proxecto e farase constar que en relación coa ampliación da actividade:

- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

- Para poder obter a acta de comprobación favorable o peticionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

- A liquidación da licenza de actividade realizarase trala visita de comprobación e coa licenza definitiva de funcionamento.

TERCEIRO -.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE PARA AMPLIACIÓN DA EXPLOTACIÓN GANDEIRA EXISTENTE MEDIANTE A CONSTRUCCIÓN DE Balsa para Xurros no lugar de Cando, parroquia de Dormeá, a instancia de D^a. Beatriz Montero Sánchez

Visto o escrito número 1079 de data 18/07/2011 no que por D^a. Beatriz Montero Sánchez, solicítase visita de comprobación ás instalacións de balsa de xurro en Cando, parroquia de Dormeá, e se conceda a licenza para a posta en funcionamento desta actividade.

Realizada a visita de comprobación polos servizos técnicos municipais o día 28/07/2011 fanse unhas observacións que se enmenda coa documentación aportada con data 25/08/2011 con número de rexistro de entrada 1243.

Visto informe técnico de 29/08/2011 de D. Ángel Delgado Cid no que se informa favorablemente a posta en funcionamento da actividade tras á visita de comprobación realizada para o outorgamento de licenza definitiva de actividade.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Conceder a D^a. Beatriz Montero Sánchez licenza definitiva de actividade para as obras dunha balsa de xurro, sita no lugar de Cando, parroquia de Dormeá.

SEGUNDO.- Ao tratarse dunha actividade que non está suxeita ó Imposto sobre Actividades Económicas non está obrigada a liquidar a taxa por licenza de apertura, de conformidade co disposto no artigo 2º da Ordenanza fiscal número 5, reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos; e de conformidade co disposto no punto 3 da regra 3ª Anexo II do Real Decreto Lexislativo 1259/1991 de 2 de agosto, tarifas para actividade gandeira independente.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

3.3.- EMISIÓN DE INFORME PARA PLANTACION DE EUCALIPTOS NAS FINCAS Nº 564 E 597 DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN VICENTE DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ FELPETE ANDRADE.

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de D. José Felpete Andrade, en posesion do DNI núm. 76474094Z e con domicilio para os efectos de notificación en Carballeira número 3 da parroquia de Arceo, 15818 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1246 de data 26/08/2011 para a plantación de eucaliptos nas fincas nº 564 e 597 da concentración parcelaria de San Vicente de Arceo.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 29/08/2011 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

INFORME:

Con data 26 de agosto de 2.011, número de rexistro 1.246 D. José Felpete Andrade, solicitou ante o concello de Boimorto a plantación de eucaliptos nas fincas nº 564 e 597 da concentración parcelaria de Arceo.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

As parcelas mencionadas con anterioridade están clasificadas polo PXOM como solo rústico de protección forestal, atopándose as plantación entre os usos permitidos no artigo 76. Unha pequena porción da finca 564 está clasificada como solo rústico de protección de augas.

De acordo co establecido no artigo 41.2 relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a 500 m². Na comunicación identificarase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: José Felpete Andrade
- Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto
- Parcelas: 564 e 597 da concentración parcelaria de Arceo
- Densidade: -

Deberanse cumprir as distancias sinaladas no artigo 41.2.1

	Eucaliptos
Vivendas	50 m
Prados e terreos agrícolas	12 m.
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m
Aos mananciais	25 m

Independentemente diso deberase cumprir co establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Segundo o artigo 25 prohibense as repoboacións forestais en zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados o pastos, con independencia da súa cualificación urbanística.

Neste senso, os usos que presenta a parcela segundo a información obtida do SIXPAC e a seguinte:

Parcela	Uso	Superficie Ha
564	Pasteiro	2,6373
	Forestal	0,2734
597 □	Terras arables	2,7810
	Pasteiro arbustivo	0,4137
	Forestal	0,5479
	Pasteiro arbustivo	0,0151
	Pasteiro Arbustivo	0,0224
	Improdutivos	0,0102

Polo tanto, á vista dos usos das parcelas, pasteiro e terras arables, a repoboación forestal estaría prohibida, a excepción dos espazos destinados a uso forestal.

Tendo en conta que o uso forestal está permitido polo PXOM, recomendase a solicitude do cambio de uso agrícola a forestal na Consellería do Medio Rural, en cuxo caso, e de ser admitido, podería plantarse a parcela nas condicións sinaladas.

No caso de obterse o cambio de uso, e polo tanto autorizarse a plantación, deberá solicitarse informe a Augas de Galicia para a plantación na zona de serventía do regato existente ao Oeste da finca 564

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 29 de agosto de 2.011.

Fernando Delgado Juega
CERNE INGENIERÍA S.A>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Comunicar o presente informe ao interesado indicándolle que para o outorgamento da licenza de plantación deberá presentar unha nova solicitude indicando que a plantación só se realizará na superficie das parcelas cualificadas como uso forestal ou ben deberá tramitar o cambio de uso agrícola a forestal das parcelas na Consellería de Medio Rural e en caso de ser autorizado, solicitar neste Concello licenza para a plantación da totalidade das parcelas nº 564 e 597 da concentración parcelaria de San Vicente de Arceo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpor fronte o acordo de autorización.

3.4.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE DE ALMACÉN AGROFORESTAL E LEGALIZACIÓN DE NAVE PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA NO LUGAR DE FORNELOS PARROQUIA DE DORMEÁ, TRAMITADO A INSTANCIA DE DNA. ALICIA VIZCAINO SEIJAS.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 27/06/2011 nº de rexistro de entrada 965 presentado por Dna. Alicia Vizcaino Seijas ante o Concello de Boimorto solicitude de licenza para “Proxecto de nave almacén agroforestal” no lugar de Fornelos parroquia de Dorneá redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. Juan Manuel Varela Portela Colexiado nº 562 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Forestais co número 110297, presentando posteriormente “Proyecto nave almacén (modificados)” redactado polo mesmo técnico e visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Forestais co número 110315 con data 30/06/2011.

Con data 19/08/2011 nº rexistro de entrada 1226 presenta “Proxecto de nave almacén (modificados)” redactado polo mesmo técnico e visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Forestais co número 110403 con data 11/08/2011 e presenta “Proyecto de legalización de nave para ampliación de explotación gandeira en Fornelos-Dorneá-Boimorto (A Coruña)”, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dna. Amelia Pájaro Castrelo, colexida nº 882 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo co número 590; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Visto que a explotación conta con Recoñecemento de explotación agrícolas e gandeiras de data 22/03/2004.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 12/09/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 29/09/2011.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid nos que se sinala que segundo a documentación presentada esta actividade non aumentará os animais presentes na explotación polo que tampouco acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida; polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Deberáanse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza provisional de actividade a Dna. Alicia Vizcaino Seijas para “Proxecto de nave almacén agroforestal” no lugar de Fornelos parroquia de Dorneá redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. Juan Manuel Varela Portela Colexiado nº 562 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Forestais co número 110297, e “Proyecto de legalización de nave para ampliación de explotación gandeira en Fornelos-Dorneá-Boimorto (A Coruña)”, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dna. Amelia Pájaro Castrelo, colexida nº 882 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo co número 590; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso; non considerándose necesario a autorización previa de Urbanismo.

SEGUNDO.- A presente autorización estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións:

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais.

.- Estará condicionada a que non aumente os animais presentes na explotación, nin acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008, para cualificar como substancial a ampliación pretendida, e polo tanto, non está sometida ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

.- Estará condicionada ao cumprimento das medidas propostas no proxecto de ampliación e nos informes técnicos e tamén ao disposto no artigo 40 do PXOM de Boimorto para as categorías de uso indicadas no proxecto, e farase constar:

- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

.- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto presentado.

.- A liquidación da licenza de actividade realizarase trala visita de comprobación e coa licenza definitiva de funcionamento.

TERCEIRO .- Notificar o presente acordo á interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.5.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN NO LUGAR DE FIGUEIRA, PARROQUIA DE BOIMORTO SOLICITADA A INSTANCIA DE MIGUEL ÁNGEL VILLANUEVA DACASA.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 01/08/2011 nº de rexistro de entrada 1164 por D. Miguel Ángel Villanueva Dacasa presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de “Proyecto de ampliación de explotación ganadera vacuno” no lugar de Filgueira parroquia de Boimorto; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Oscar J. Pose Andrade Colexiado nº 1430 visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20110740; presentando o oficio de dirección de obra visado co mesmo número; con data 28/09/2011 nº rexistro entrada 1358 presenta “Anejo I: Proyecto de ampliación de vacuno”, redactado polo mesmo técnico e visado co mesmo número; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección do patrimonio histórico-artístico.

Visto que a explotación conta con Recoñecemento de explotación agrícola e gandeira feita polo Alcalde en data 22/03/2004.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 28/09/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 29/09/2011 e as observacións nel contidas.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid nos que se sinala que segundo a documentación presentada trátase da ampliación dunha explotación existente, e non se produce unha modificación substancial das sinaladas no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida; polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Debéranse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza provisional de actividade a D. Miguel Ángel Villanueva Dacasa presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de “Proyecto de ampliación de explotación ganadera vacuno” no lugar de Filgueira parroquia de Boimorto; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Oscar J. Pose Andrade colexiado nº 1430 visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20110740; presentando o oficio de dirección de obra visado co mesmo número; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección do patrimonio histórico-artístico.

SEGUNDO.- A presente autorización estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións:

- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais.

- Estará condicionada a que non se produza unha modificación substancial das sinaladas no artigo 3 do Decreto 133/2088, e polo tanto, non está sometida ao procedementos de avaliación de incidencia ambiental.

- Estará condicionada ao cumprimento das medidas propostas no proxecto de ampliación e nos informes técnicos e tamén ao disposto no artigo 40 do PXOM de Boimorto para as categorías de uso indicadas no proxecto, e farase constar:

- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto presentado.

- A liquidación da licenza de actividade realizarase trala visita de comprobación e coa licenza definitiva de funcionamento.

TERCEIRO .- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.6.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA 6/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1222, con data 18/08/2011, presentada por D. Gerardo Vázquez Montero, con domicilio a efectos de notificación en R/ Barbeira nº 18, Cambre, A coruña, no que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga dun almacén sito no lugar de Fornelos, parroquia de Dormeá, deste termo municipal, advertindo que se debe informar sobre a situación do almacén e a súa legalidade, e segundo os artigos 25.2.1) e 26.1.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, as SSTS de 14 de febreiro de 1994, 21 de novembro de 1996, 17 de xullo e 22 de decembro de 2000 entre outras, así como as do STSJ de Castela e León, de 12 de abril, 5 de decembro de 2003 e 2 de abril de 2005, entre outras, a STS de 16 de decembro de 1987 e a STSJ de Andalucía de 29 de setembro de 2003; polo que o servizo domiciliario de auga potable con-

figurase un servizo mínimo, de prestación obrigatoria polos municipios e que é directamente esixible polos interesados. Non obstante, a obrigatoriedade é para o abastecemento domiciliario e de consumo doméstico (entendido por tal o humano e o que se realiza dentro do solo urbano para pequenas industrias de pouco consumo) sen que poidan entenderse comprendidos dentro deste concepto os de carácter agrícola ou gandeiro e o ámbito territorial ao que a de extenderse tamén obrigatoriamente é o urbano. Cando a prestación do servizo se extenda a outras actividades ou a outro tipo de solo, ten que quedar garantido o cumprimento do principio de igualdade e condicionado á salvagardala regularidade da prestación do servizo en canto a caudal, presión, etc, dos abastecementos domiciliarios ao ter estes carácter prioritario.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Gerardo Vázquez Montero, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga do almacén sito no lugar de Fornelos, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.7.- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDEANDO A REMISIÓN A CONSELLERÍA COMPETENTE DO EXPEDIENTE DE LICENZA PARA IMPLANTACIÓN DE ESTACIÓN BASE DE TELEFONÍA MÓVIL RURAL OUTDOOR-LOW COST PROMOVIDO POR VODAFONE ESPAÑA S.A.U.

Examinado o expediente promovido por VODAFONE ESPAÑA S.A.U., en virtude da instancia número 1573 de data 2 de decembro de 2010, solicitando licenza municipal para a implantación de estación base de telefonía móvil rural Outdoor-Low Cost no polígono 502 parcela 1007, segundo proxecto técnico presentado redactado pola enxeñeira de telecomunicacións Dña. Marta Veira Lorenzo, colexiada número 13.788 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros de telecomunicación co número P10401279, completando dita documentación con Anexo ao Proxecto técnico con rexistro de entrada no Concello 1.239 de data 24 de agosto de 2011 redactado pola mesma enxeñeira visado co número P11009199.

Visto informe técnico de data 24 de agosto de 2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiada número 4657.

Visto o Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, en particular o artigo 2.2. no que se recolle que estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no Anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas consonte ás definicións contidas no artigo 13 da Lei 10/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. A Consellería competente en materia de medio ambiente decidirá sobre a necesidade ou non da avaliación de incidencia ambiental das actividades contempladas neste parágrafo. A decisión será motiva e adoptarase acorde cos criterios obxectivos que se determinan no Anexo II; e demais Disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno por unamidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Elevar á consellería competente na materia o expediente tramitado por VODAFONE ESPAÑA S.A.U., no que solicitou licenza municipal para implantación de estación base de telefonía móvil rural Outdoor-Low Cost no polígono 502 parcela 1007 para que se emita informe de se dita actividade está ou non sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao interesado para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidad e sancionadoras oportunas.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR 38/2011 PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE NO LUGAR DE VILANOVA, PARROQUIA DE SENDELLE SOLICITADA A INSTANCIA DE JOSE CARLOS CACHARRÓN SOUTO.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 26/09/2011 nº de rexistro de entrada 1346 por D. José Carlos Cacharrón Souto presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de “Ampliación de explotación gandeira en Sendelle, Boimorto (A Coruña)” no lugar de Vilanova parroquia de Sendelle; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López Colexiado nº 1049 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 20110887; presentando o oficio de dirección e execución de obra e anexo ao proxecto visados cos mesmos números; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural originario disperso e solo rústico de protección agropecuaria, situando a edificación na primeira das clasificacións.

Visto que a explotación conta con Recoñecemento de edificación destinada a actividade agropecuaria a nome de Jose Carlos Cacharrón Souto de data 28/01/2004.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 29/09/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 29/09/2011 e as observacións nel contidas.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid nos que se sinala que segundo a documentación presentada esta actividade non aumentará os animais presentes na explotación polo que tampouco acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida; polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2b) da Lei 9/2002 e deberánse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza de obra maior (38/2011) a D. José Carlos Cacharrón Souto presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de “Ampliación de explotación gandeira en Sendelle, Boimorto (A Coruña)” no lugar de Vilanova parroquia de Sendelle; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López Colexiado nº 1049 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 20110887; presentando o oficio de dirección e execución de obra e anexo ao proxecto visados cos mesmos números; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural originario disperso e solo rústico de protección agropecuaria, situando a edificación na primeira das clasificacións.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.
- .- As obras deben axustarse ao establecido nos artigos 31 e 68 do PXOM de Boimorto e o artigo 42 e 44 da Lei 9/2002.

- En todo caso, o prazo para inicio das obras será de seis meses, a contar dende o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, a contar dende o outorgamento da licenza.

- A cimentación será a base de zapatas de hormigón armado unidas mediante vigas de atado igualmente de formigón. O almacén non precisa soleira. A estrutura será de piares de formigón armado e forxado de viguetas de formigón armado con bovedillas de canto. Sobre os piares da zona superior colocaranse vigas biapoiadas de formigón armado prefabricadas.

- A cuberta será a un auga mediante placas onduladas de fibrocemento cor vermello tella colocadas sobre correas de formigón.

- O cerramento exterior da zona das vacas será de bloque de formigón pintado de cor ocre ou branco, mentres que a zona do almacén será totalmente aberta.

- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinala construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-Deberá presentar compromiso ao que fai referencia o artigo 42.1.a) e 42.1.e) da Lei 9/2002 de Boimorto sobre rexistro da propiedade.

TERCEIRO.-Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 38/2011

Presuposto de execución material da obra axustándose ao Anexo I da Ordenanza reguladora do ICIO; según valoración feita polo servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello: 19.459,44.€

Liquidación 2% : **389,19 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 39/2011) PARA CONSTRUCCIÓN DE CERRE DE PARCELA SITA NO NÚCLEO RURAL DE CANTO DO BALO DA PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. DANIEL LODEIRO VALLO.

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Daniel Lodeiro Vallo, con domicilio a efectos de notificación en rúa Ronda de Outeiro 272 - 7º B, 15010 A Coruña, provista do DNI núm. 76308799C, solicitude con rexistro de entrada no concello nº 328 con data 16/03/2011, para a realización de obras de construción de cerramento cunha lonxitude de 25,33 metros, nunha finca situada en Canto do Balo, parroquia de Arceo, segundo memoria técnica redactado polo arquitecto D. Pablo García Carrilo, colexiado nº 3093. Con data 30/03/2011 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 11/05/2011 con rexistro de entrada número 576 presentouse proxecto para cerre de parcela redactado polo arquitecto D. Pablo García Carrillo, colexiado nº 3093 e visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia co número 1103029,1

Vista a autorización da Deputación Provincial, servizo de vías e obras provinciais de data 09/08/2011

Vistos os informes favorables ao autorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos colexiado 4657 con data 18/05/2011 que consta no expediente e informe da secretaria municipal de data 29/09/2011 informando favorablemente a concesión de licenza de obra.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D.

Daniel Lodeiro Vallo, con DNI núm. 76308799C (LO 39/2011), para a realización de obras de construción de cerramento cunha lonxitude de 25,33 metros, nunha finca situada en Canto do Balo, parroquia de Arceo (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso), conforme ao proxecto redactado polo arquitecto D. Pablo García Carrillo, colexiado nº 3093 e visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia co número 1103029,1

SEGUNDO.- Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.
- .- Deberá axustarse ao contido no informe do servizo de vías e obras da Deputación Provincial de A Coruña.
- .- Sen perxuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- As características do cerramento axustaranse ás condicións sinaladas no artigo 30.7 do PXOM de Boimorto, excepto no referente ao recuamento da porta de acceso para vehículos, xa que a configuración da parcela e as edificacións construídas nela fan que dito recuamento sexa imposible.
- .- En todo caso as portas de acceso abrirán cara ao interior da finca.
- .- O cerramento situarase na parcela do solicitante, sen invadir en ningún caso a beirarrúa existente.
- .- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 4.196,71 €.

Liquidación 2% : **83,93 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.-LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 40/2011) PARA RESTAURACIÓN DE GALPON SITO ANEXO A VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE LEIRA LONGA 4, PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADO A INSTANCIA DE D. ANDRÉS SÁNCHEZ CAO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Andrés Sánchez Cao, con DNI núm. 76487949T, e con domicilio a efectos de notificación no lugar de Leira Longa núm. 4, parroquia de Arceo, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 819 de data 13/06/2011 para restauración de galpón sito anexo a vivenda unifamiliar no lugar de Leira Longa 4, parroquia de Arceo, pertencente a este termo municipal (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso) acompañando proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Pedro María Melero Cao, colexiado nº 1.889, sen visar.

Con data 18/06/2011 D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, pertencente aos servizos técnicos municipais emite informe técnico no que clasifica a obra como maior dentro do art. 17 do PXOM deste Concello, así como sinala unha serie de observacións.

Con data 27/06/2011 núm. rexistro de entrada 1130 preséntase documentación complementaria.

Visto informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 28/07/2011 que consta no expediente; e informe da secretaria municipal de data 03/08/2011.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Andrés Sánchez Cao, con DNI núm. 76487949T (LO 40/2011), para restauración de galpón sito anexo a vivenda unifamiliar no lugar de Leira Longa núm. 4, parroquia de Arceo, pertencente a este termo municipal, (solo núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso) conforme ao proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Pedro María Melero Cao, colexiado nº 1.889, sen visar, cun orzamento calculado segundo informe técnico 2.003,74 €uros.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- As obras de reforma non suporán variación do volume actual da edificación.

.- A cuberta será de tella cerámica.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinala construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **2.003,74 €uros.**

Liquidación 2%: **40,07 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 41/2011) PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE DE ALMACÉN AGROFORESTAL E LEGALIZACIÓN DE NAVE PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA NO LUGAR DE FORNELOS PARROQUIA DE DORMEÁ, TRAMITADO A INSTANCIA DE DNA. ALICIA VIZCAINO SEIJAS.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 27/06/2011 nº de rexistro de entrada 965 presentada por Dna. Alicia Vizcaino Seijas ante o Concello de Boimorto solicitude de licenza para “Proxecto de nave almacén agroforestal” no lugar de Fornelos parroquia de Dormeá redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. Juan Manuel Varela Portela colexiado nº 562 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Forestais co número 110297, presentando posteriormente “Proxecto nave almacén (modificados)” redactado polo mesmo técnico e visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Forestais co número 110315 con data 30/06/2011.

Con data 19/08/2011 nº rexistro de entrada 1226 presenta “Proxecto de nave almacén (modificados)” redactado polo mesmo técnico e visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Forestais co número 110403 con data 11/08/2011 e presenta “Proxecto de legalización de nave para ampliación de explotación gandeira en Fornelos-Dormeá-Boimorto (A Coruña)”, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dna. Amelia Pájaro Castrelo, colexida nº 882 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de Lugo co número 590; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Visto que a explotación conta con Recoñecemento de explotación agrícolas e gandeiras de data 22/03/2004.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 12/09/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 29/09/2011.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid. Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2b) da Lei 9/2002.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza de obra maior (41/2011) a Dna. Alicia Vizcaino Seijas para “Proxecto de nave almacén agroforestal” no lugar de Fornelos parroquia de Dorneá redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. Juan Manuel Varela Portela colexiado nº 562 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Forestais co número 110297, e “Proyecto de legalización de nave para ampliación de explotación gandeira en Fornelos-Dorneá-Boimorto (A Coruña)”, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dna. Amelia Pájaro Castrelo, colexida nº 882 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de Lugo co número 590; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso; non considerándose necesario a autorización previa de Urbanismo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.
- .- As obras deben axustarse ao establecido nos artigos 30, 31 e 68 do PXOM de Boimorto e o artigo 44 da Lei 9/2002, así como o artigo 42 da mesma lei, en relación coa disposición transitoria 11 da mesma norma e as excepcións nela sinaladas para a ampliación.
- .- As obras non poden ser iniciadas ata que sexa presentado o nomeamento de dirección de obra.
- .- A chapa metálica da nave que se pretende legalizar deberá ser pintada.
- .- Deberá presentar compromiso ao que fai referencia o artigo 42.1.a) e 42.1.e) da Lei 9/2002 de Boimorto sobre rexistro da propiedade.
- .- A parcela debe contar cos servizos de acceso rodado por camiño público, subministro de enerxía eléctrica, abastecemento de auga e tratamento- evacuación de augas residuais e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como correxir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestructuras existentes. Estas solucións haberán de ser asumidas como coste a cargo exclusivo da promotora da actividade, formulando expresamento o correspondente compromiso en tal sentido e aportando as garantías esixidas ao efecto pola administración na forma que reglamentariamente se determine.
- .- A construción do almacén de 120 m² será con cuberta de dúas augas a base de vigas e correas prefabricadas de formigón sobre as que se colocará panel sándwich en cor tella, cunha altura de 4,50m. A fachada de formigón cara vista. A soleira será de formigón en masa de 15 cm de espesor. Non se realizará instalación eléctrica nin de auga.
- .- As edificacións situaranse a 5 metros do eixo da vía.
- .- Deberá ceder gratuitamente ao Concello os terreos necesarios para ampliación ou regularización do viario preciso e executar, a súa costa, a conexión cos servizos existentes, dacordo co establecido no artigo 87.3 do PXOM relativo as condicións de urbanización en solo de núcleo rural, en caso de novas edificacións ou substitución das existentes; alcanzando a cesión unha superficie total de 96,62 m². A cesión será previa á retirada da licenza urbanística non podendo retirar a licenza sen dita previa cesión nin iniciar a obra.
- .- Deberá manterase o estado natural dos terreos, e no seu caso o uso agrario dos mesmos ou con plantación de arbolado ou especies vexetais en, ao menos, a metade da superficie da

parcela, ou nun terzo da mesma cando se trate de infraestructuras de tratamento ou depuración de augas.

.- Deberán adaptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relieve natural dos terreos. As características estéticas e constructivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno. Para o acabado das edificacións emplearase pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a seis meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 41/2011

Presuposto de execución material da obra axustándose ao Anexo I da Ordenanza reguladora do ICIO; según valoración feita polo servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello: 30.578,84 €

Liquidación 2% : **611,58 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.5.- LICENZA DE OBRA MAIOR 42/2011 PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN NO LUGAR DE FILGUEIRA, PARROQUIA DE BOIMORTO SOLICITADA A INSTANCIA DE MIGUEL ÁNGEL VILLANUEVA DACASA.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 01/08/2011 nº de rexistro de entrada 1164 por D. Miguel Ángel Villanueva Dacasa presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de “Proyecto de ampliación de explotación ganadera vacuno” no lugar de Filgueira parroquia de Boimorto; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Oscar J. Pose Andrade Colexiado nº 1430 visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20110740; presentando o oficio de dirección de obra visado co mesmo número, designando director de obra ao enxeñeiro técnico agrícola D. Oscar J. Pose Andrade Colexiado nº 1430; con data 28/09/2011 nº rexistro entrada 1358 presenta “Anejo I: Proyecto de ampliación de vacuno”, redactado polo mesmo técnico e visado co mesmo número; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección do patrimonio histórico-artístico.

Visto que a explotación conta con Recoñecemento de explotación agrícola e gandeira feita polo Alcalde en data 22/03/2004.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 28/09/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 29/09/2011 e as observacións nel contidas.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid. Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2b) da Lei 9/2002.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza de obra maior (41/2011) a D. Miguel Ángel Villanueva Dacasa presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de “Proyecto de ampliación de explotación ganadera vacuno” no lugar de Filgueira parroquia de Boimorto; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Oscar J. Pose Andrade colexiado nº 1430 visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20110740; presentando o oficio de dirección de obra visado co mesmo número, designando director de obra ao enxeñeiro técnico agrícola D. Oscar J. Pose Andrade colexiado nº 1430; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección do patrimonio histórico-artístico.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.
- É requisito imprescindible para o comezo das obras contar co informe favorable da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña pertencente á Consellería de Cultura e Turismo, quedando a licenza de obra sometida aos condicionantes que nel se sinalen.
- As obras de ampliación consistirán na construción de:
 - Almacén 1 de 252 m² (14x18m) e 5,62 m de altura, a base de bloque de formigón enfuscado e pintado e a cuberta de fibrocemento cor vermello sobre correas de formigón apoiadas en vigas peraltadas.
 - Almacén 2 de 96 m² (16x6m) coa estrutura a base de piares de formigón sen cerramento e 2,96 m de altura. A cuberta de fibrocemento cor vermello sobre correas de formigón apoiadas en vigas inclinadas.
 - Silo forraxeiro de 320 m² (16x16 m) a base de muros de formigón armado de 1,8 m de altura, con tres módulos e unha capacidade cada un de 180 m³, o que supón un total de 540 m³.
 - Soleira 1 de 1.515,96 m² a base de encachado de pedra, formigón de limpeza de 10 cm de espesor, lámina de polietileno de 3 mm e soleira de 15 cm.
 - Soleira 2 de 592,4 m², das mesmas características ca anterior.
- As edificacións existentes deberán de enfusarse dacordo co establecido no artigo 39 do PXOM de Boimorto.
 - Deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arbolado ou especies vexetais, como mínimo nun tercio da superficie da parcela, ou nun tercio da mesma cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.
 - A parcela debe contar cos servizos de acceso rodado por camiño público, subministro de enerxía eléctrica, abastecemento de auga e a recollida, tratamento, eliminación e depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións haberán de ser asumidas como custe a cargo exclusivo da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e aportando as garantías esixidas ao efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.
 - Debéranse adoptar as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección do paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- . As características estéticas e constructivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno. Para o acabado das edificacións emplearase pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona.

.- As obras deben axustarse ao establecido nos artigos 31, 40, 68 e 75 do PXOM de Boimorto e o artigo 42 e 44 da Lei 9/2002.

.- En todo caso, o prazo para inicio das obras será de seis meses, a contar dende o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, a contar dende o outorgamento da licenza.

.- Os cerramentos e a liña de edificación, segundo artigo 43.3 do PXOM de Boimorto, deben cumprir tratándose de camiño de titularidade municipal, clasificado como vía de tipo II, en solo rústico a liña de edificación situarase a 6 m medidos dende o eixo da vía.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.-Deberá presentar compromiso ao que fai referencia o artigo 42.1.a) e 42.1.e) da Lei 9/2002 de Boimorto sobre rexistro da propiedade.

TERCEIRO.-Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 42/2011

Presuposto de execución material da obra axustándose ao Anexo I da Ordenanza reguladora do ICIO; segundo valoración feita polo servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello: 159.835,15.€

Liquidación 2% : **3.196,70 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.6.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 43/2011) PARA CONSTRUCCIÓN DUN ALMACÉN AGRÍCOLA EN REGO DO SEIXO (BOIMORTO), TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL BARREIRO VIGO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra (LO 43/2011), tramitado a instancia de D. Manuel Barreiro Vigo, con DNI núm. 32.359.354X, e con domicilio a efectos de notificación R/ Ribados, 15 - 2º G, O Burgo, Culleredo, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1.108 de data 22/07/2011 para construción dun almacén agrícola en Rego do Seixo, parroquia de Boimorto (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo) acompañando proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López, colexiado nº 1.049, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20110744 de data 15/07/2011.

Visto o anexo ao proxecto para a construción dun almacén agrícola en Rego do Seixo - Boimorto (A Coruña). Línea de expropiación da estrada AC-234 presentado con data 08/08/2011, número de rexistro de entrada 1.190.

Visto o anexo II ao proxecto inicial modificando a carpintería exterior presentado con data 27/09/2011, número de rexistro de entrada 1.353

Vista a certificación do Servizo de Infraestruturas do departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en A Coruña indicando a zona expropiada da parcela obxecto do proxecto.

Vistos os informes favorables ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid de data 10/08/2011 e 28/09/2011 que consta no expediente e informe de secretaría municipal de data 29/09/2011.

Visto que no proxecto recóllese a previsión de cesión de terreos destinados a viarios fora das aliñacións establecidas no planeamento a favor do Concello.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Manuel Barreiro Vigo, con DNI núm. 32.359.354X (LO 43/2011) para construción dun almacén agrícola en Rego do Seixo, parroquia de Boimorto (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo) acompañando proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López, colexiado nº 1.049, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20110744 de data 15/07/2011 e conforme os anexos con entrada 1190 e 1353 en datas 08/08/2011 e 27/09/2011 respectivamente.

Constando no expediente oficio de dirección de obra visado de data maio 2011.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Outórgase esta licenza, sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- A cuberta será de tella.

.- Conforme o proxecto presentado as obras non poderán iniciarse ata a elevación a escritura pública (para posterior inscrición no Rexistro da Propiedade) da cesión de viais a favor do Concello, superficie obxecto de cesión de 90 m² que serán cedidos ao sur da finca co camiño municipal como se reflexa en plano número 4.1 do anexo ao proxecto para a construción dun almacén agrícola en Rego do Seixo-Boimorto, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20110744 de data 05/08/2011, presentado con data 08/08/2011, rexistro de entrada número 1190.

.- As obras a realizar en solo de núcleo rural coa categoría de expansión de núcleo deberán cumprir o establecido na ordenanza do PXOM aplicable a solo de núcleo rural coa categoría de expansión de núcleo e o disposto no artigo 87.3 sobre cesión ao concello dos terreos para a ampliación ou regulación do viario, cesión a elevar a escritura pública notarial en aplicación do artigo 30.3 do Real Decreto 1093/1997 de 4 de xullo polo que se aproban as normas complementarias o Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a seis meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: corrección por informe técnico:

10.968,05 Euros.

Liquidación 2% : **219,36 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.7.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 44/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DA TELLA E REPARACIÓN DAS FACHADAS DA VIVENDA SITA NA RÚA ESTRADA DE LÁNZÁ NÚMERO 23 DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. LUIS MIGUEL LÓPEZ LÓPEZ.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Luis Miguel López López, con DNI núm. 45848423Q, e con domicilio para os efectos de notificación no número 6 do lugar de Freixido, parroquia de Cardeiro, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm.1311 de data 15/09/2011 para a substitución da tella e reparación das fachadas da vivenda sita en Estrada de Lanzá número 23 da parroquia de Boimorto (solo rústico) segundo valoración presentada.

Vista a autorización da Deputación Provincial, servizo de vías e obras provinciais de data 24/05/2011

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 20/09/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo rústico.

E advertindo por Secretaría a non acreditación da legalidade e antigüidade da vivenda aos efectos de determinar o réxime legal ou fora de ordenación que fundamente o outorgamento da licenza.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Luis Miguel López López, con DNI núm. 45848423Q (LO 44/2011) para a substitución da tella e reparación das fachadas da vivenda sita en Estrada de Lanzá número 23 da parroquia de Boimorto (solo rústico) segundo valoración presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- Deberá axustarse ao contido no informe do servizo de vías e obras da Deputación Provincial de A Coruña.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **21.295,00 €uros.**

Liquidación 2%: **425,90 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.2.-OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.-OFERTA MÁIS VENTAXOSA DA OBRA DE “SOTERRAMENTO DE LBT NO ENTORNO DO CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR” POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE (Expdte: COPNSP 8/2011)

Visto o expediente relacionado coa obra subvencionada pola Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da obra “Soterramento de L.B.T. No entorno do CPI Armando Cotarelo Valledor” por procedemento negociado sen publicidade (expte. COPNSP 8/2011)”

Iniciado e aprobado dito expediente por Decreto de Alcaldía 306/2011 de data 22/09/2011, constando no expediente informes de data 21/09/2011 de secretaria intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 42.629 quedando un orzamento final de 69.442,59 € iva incluído.

Remitidas invitacións para participar a: Construcciones Rocha Corral con CIF B15338338; Construcciones González y González, S.L. con CIF B15165004 e Construcciones Vixoy S.L. CIF B15295447.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 29/09/2011 que se reproduce literalmente:

<<DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).-----

CERTIFICO: Que en cumprimento do acordo adoptado por Decreto de Alcaldía 306/2011 de data 22/09/2011 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra “Soterramento de L.B.T. no entorno do CPI Armando Cotarelo Valledor” e outorgado un prazo de catro días naturais dende a recepción da invitación para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas; recibidas a invitacións según acuses de recibos en data 27 e 28 de setembro de 2011, rematando o prazo para presentar ofertas o día 2 de outubro; foron presentadas por rexistro de entrada neste Concello a seguinte documentación:

.- Construcciones González y González S.L.. con CIF B15165004 presenta:

Sobre A con entrada nº 1354 en data 28/09/2011

Sobre B con entrada nº 1355 en data 28/09/2011

Sobre C con entrada nº 1356 en data 28/09/2011

.- Construcciones Vixoy S.L. con CIF B15295447 presenta: presentou no Concello de Boimorto en data 28/09/2011 escrito con rexistro de entrada nº 1365 no que comunica que non están interesados en presentar oferta en contestación á invitación do Concello.

.- Construcciones Rocha Corral S.L. con CIF B15338338 presenta:

presentou no Concello de Boimorto en data 20/09/2011 escrito con rexistro de entrada nº 1369 no que comunica que non están interesados en presentar oferta en contestación á invitación do Concello.

E para que así conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde en Boimorto a 29 de setembro de 2011.

Vº Pr.

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>

Pola secretaria procédese a lectura do informe técnico referente ao sobre B: onde se recolle a documentación requerida nos pregos que se valora Construcciones González y González, S.L.: non reduce o prazo: 0 punto

Seguido aperturase o sobre C que contén a oferta económica comprobando que o licitador non realiza baixa en relación co prezo de licitación quedando o importe de adjudicación en 69.442,59 € iva incluído, acadando a puntuación de oferta económica: 0 puntos.

Total puntuación Construcciones González y González S.L. = 0 puntos.

Vistos os criterios de adjudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación e declarados de aplicación á presente contratación por Decreto de Alcaldía 306/2011 de data 22/09/2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRA.- Declarar como oferta máis ventaxosa a presentada por Construcciones González y González, S.L. con CIF B15165004, para contratación da obra subvencionada pola Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da obra “Soterramento de L.B.T. No entorno do CPI Armando Cotarelo Valledor” por procedemento negociado sen publicidade (expte. COPNSP 8/2011)” a executar segundo proxecto presentado redactado

polo enxeñeiro de caminos D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en setembro de 2011 cun orzamento de execución por contrata de 69.442,59 € (ive incluído), obra a executar segundo proxecto en mes e medio.

SEGUNDO.- Requerir a Construcciones González y González, S.L. para que no prazo cinco días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía definitiva por importe de 2.942,48 € (5% **importe axudicación sen iva**) advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta.

4.2.2.- PREAVISO DE PRÓXIMO CUMPRIMENTO E RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO TÉCNICO-URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO

En aplicación do disposto no artigo 206.h) da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei contratos das Administracións Públicas, normativa aplicable no momento da resolución e visto o contrato de servizo de asistencia técnica-urbanística do Concello de Boimorto asinado o 05/11/2007 coa empresa Cerne Ingeniería S.A. (CEINSA) aplicando o disposto na cláusula 4ª do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas da axudicación de dito contrato a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Tendo en conta a normativa expresada, así como a cláusula 4ª do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas da axudicación de dito contrato de servizo de asistencia técnica-urbanística do Concello de Boimorto asinado o 05/11/2007 coa empresa Cerne Ingeniería S.A. (CEINSA), preavisar ao contratista Cerne Ingeniería S.A. (CEINSA) da intención desta Corporación de resolver o contrato citado con efectos 05/11/2001.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á Empresa contratista aos efectos oportunos, concedendo de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001 xa citado, un prazo de audiencia de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo.

4.2.3.-NON PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS EN PRAZO DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

Visto que na Xunta de Goberno Local celebrada o 25/08/2011 acordou comunicar a empresa Serlimat Española S.L. “Grupo Clinor” o cumprimento e necesidade de resolución do contrato de servizos de limpeza de edificios e instalacións municipais asinado o 30/09/2009 para resolver o contrato con efectos de 01/10/2011, notificada a dita empresa a proposta de resolución, outorgando un prazo de audiencia de 10 días naturais de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001, recibida notificación según acuse de recibo o 02/09/2011 rematando o prazo para presentar alegacións o día 12/02/2011, sen que foron presentadas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Acordar a resolución do contrato de servizos de limpeza de edificios e instalacións municipais asinado o 30/09/2009 coa empresa Serlimat Española S.L. “Grupo Clinor”.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á empresa aos efectos oportunos.

4.2.4.- CONTRATACION MENOR SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

Vista a necesidade de prestación do servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais ante a resolución do contrato anterior.

Considerando que no orzamento de 2011 existe crédito na partida 92.22700 para facer fronte á contratación menor do servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais por importe mensual de 2.585,11€ IVE INCLUIDO, visto que se trata dun contrato menor de ser-

vizo en aplicación da normativa contida na Lei de contratos do sector público 30/2007 de 30 de outubro artigos 122.3, artigo 95 e artigo 10 en relación coa categoría de contratos de servizos, non podendo superar a contratación un ano en aplicación do artigo 23.3 nin ser posible a revisión de prezos deste contrato.

Considerando a contratación menor que se pretende adxudicar neste acordo como contrato de servizos nos termos do artigo 10 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, que di que son aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado diferente o dunha obra ou subministro, sendo o servizo a licitar segundo as categorías de contratos de servizos recollidas no anexo II da lei encaixable no grupo V subgrupo 1. Tendo en conta que os contratos menores non poden ter duración superior a un ano, non poder ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos segundo o establecido nos artigos 23.3 e 77.2 da Lei 30/2007.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade en exercicio das competencias delegadas en materia de contratación **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Realizar a contratación do servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais por importe mensual de 2.585,11 € IVE INCLUIDO, custos que serán imputados á partida 92.22700, visto que se trata dun contrato menor de servizos en aplicación da normativa sinalada nos considerandos deste decreto, á empresa Serlimat Española S.L. "Grupo Clinor" con CIF B15535875, de servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación, polo periodo de dous meses.

SEGUNDO- Notificar o presente acordo a empresa adxudicataria indicando o réxime de recursos que pode interpor.

4.2.5.- CONTRATACIÓN MENOR DA OBRA SUBSTITUCIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NO CAMPO DA FEIRA.

Vista a memoria valorada de "Substitución del alumbrado público en el Campo da Feira" asinada por D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en setembro de 2011, adaptada á financiación pola subvención da Deputación Provincial por importe de 13.991,87 €

Visto que pola Excm. Deputación Provincial no marco da convocatoria de subvencións do programa de promoción económica 2011 outorgase ao Concello de Boimorto subvención por importe de 13.991,87 € ive incluído para a execución do 100% de ditas obras, constando no expediente informe de secretaría e certificación de existencia de crédito da secretaria interventora de data 29/09/2011.

Sendo este un contrato de obra menor en aplicación do disposto no artigo 122.3 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, que se define pola súa contía e cuxa tramitación tan só esixe a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente que cumpra cos requisitos legais, sen que poda ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga ou revisión de prezo, considerando que pode ser adxudicado calquera empresario con capacidade de obrar e que conte con habilitación profesional necesaria para a realización da prestación.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 93 da LCSP estando esta obra subvencionada pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña no programa de promoción económica 2011, xustifícase a súa realización nas necesidades de cobertura de servizos mínimos obrigatorios dos municipios recollidos no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985 das bases do réxime local.

En aplicación do disposto no artigo 95 e na disposición adicional 2ª da Lei 30/2007 Lei de contratos do sector público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Incoar e aprobar o expediente de contratación da obra "Substitución del alumbrado público en el Campo da Feira" para a execución das obras incluídas na memoria valorada redactada por D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en setembro 2011 cun presuposto de execución de contrata de 13.991,87 € ive incluído, memoria que se aproba con este acordo,

procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía da obra e a concreción do seu obxecto.

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato menor á empresa Construcciones González y González, S.L. con CIF nº B-15.165.004 considerando que ten capacidade de obrar e habilitación profesional necesaria para a execución deste contrato (consultado o Rexistro de inscrición de contratistas da Deputación Provincial de A Coruña co número 93), que terá que executar polo prezo de 13.991,87 € ive incluído no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación desta contratación, tendo a obra unha garantía dun ano.

TERCEIRO.- Autorízase e comprométese o gasto de 13.991,87 € ive incluído na partida 15.633 do capítulo 6 do orzamento municipal do 2011, a executar segundo memoria valorada.

CUARTO.- Será obrigación do contratista a colocación do preceptivo cartel anunciador que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros, modelo será facilitado polo concello, en cumprimento dos demais condicionantes relacionados coa subvención desta obra recollidos no convenio polo que se obtivo subvención.

QUINTO.- Notifíquese o presente acordo ao adxudicatario aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos e emitase certificación para remitir á sección de Promoción Económica da Excma. Deputación Provincial de A Coruña para o cobro da subvención por ser de carácter prepagable.

4.2.6.- CONTRATACIÓN MENOR DA OBRA REPARACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA NO PATIO EXTERIOR DO C.P.I ARMANDO COTARELO VALLEDOR.

Vista a memoria valorada de "Reparación de pista polideportiva en el patio exterior del C.P.I. Armando Cotarelo Valledor" asinada por D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en setembro de 2011, adaptada a financiación pola subvención da Deputación Provincial por importe de 13.481,47 €

Visto que pola Excma. Deputación Provincial no marco da convocatoria de subvencións do programa de cultura e deportes 2011 outorgase ao Concello de Boimorto subvención por importe de 13.481,47 € ive incluído para a execución do 100% de ditas obras, constando no expediente informe de secretaría e certificación de existencia de crédito da secretaría interventora de data 29/09/2011.

Sendo este un contrato de obra menor en aplicación do disposto no artigo 122.3 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, que se define pola súa contía e cuxa tramitación tan só esixe a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente que cumpra cos requisitos legais, sen que poda ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga ou revisión de prezo, considerando que pode ser adxudicado calquera empresario con capacidade de obrar e que conte con habilitación profesional necesaria para a realización da prestación.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 93 da LCSP estando esta obra subvencionada pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña no programa de cultura e deportes 2011, xustifícase a súa realización nas necesidades de mellorar as instalacións ao deporte.

En aplicación do disposto no artigo 95 e na disposición adicional 2ª da Lei 30/2007 Lei de contratos do sector público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Incoar e aprobar o expediente de contratación da obra "Reparación de pista polideportiva en el patio exterior del C.P.I. Armando Cotarelo Valleor" para a execución das obras incluídas na memoria valorada redactada por D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en setembro 2011 cun presuposto de execución de contrata de 13.481,47 € ive incluído, memoria que se aproba con este acordo, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía da obra e a concreción do seu obxecto..

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato menor á empresa Construcciones González y González, S.L. con CIF nº B-15.165.004 considerando que ten capacidade de obrar e habilitación profesional necesaria para a execución deste contrato (consultado o Rexistro de inscrición de contratistas da Deputación Provincial de A Coruña co número 93), que terá que executar polo prezo

de 13.481,47 € ive incluído no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación desta contratación, tendo a obra unha garantía dun ano.

TERCEIRO.- Autorízase e comprométese o gasto de 13.481,47 € ive incluído na partida 34.632 do capítulo 6 do orzamento municipal do 2011, a executar segundo memoria valorada.

CUARTO.- Será obrigación do contratista a colocación do preceptivo cartel anunciador que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros, modelo será facilitado polo concello, en cumprimento dos demais condicionantes relacionados coa subvención desta obra recollidos no convenio polo que se obtivo subvención.

QUINTO.- Notifíquese o presente acordo ao adxudicatario aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos e emitase certificación para remitir á sección de cultura e deportes da Ex-cma. Deputación Provincial de A Coruña para o cobro da subvención por ser de carácter prepagable.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
Tickets/15-09-11	Autopistas del Atlántico A-15020522	Peaxe viaxe a Coruña selar documentación POS/2011	3,00 €
Tickets/22-09-11		Peaxe viaxe a Coruña levar material a Coca-cola	3,00 €
000597/28-09-11	Azucena Vázquez Vilariño / 32805335-K	Tres menús viaxe a Coruña comprar lámparas para miniresidencia	30,00 €
TIV11 6431/28-09-11	Ferrva-Herrajes, S.L. B70185442	Material manilla porta habitación edificio miniresidencia e centro de día	8,85 €
4000780284/31-08-11 □	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA- 83052407	Franqueo pagado mes de agosto 2011	354,92 €
11/210639/31-08-11	COGAMI Reciclado de Galicia S.L. B15467962	Recollida e xestión de residuos	90,72 €
1.184/21-09-11	Parde Dós Artes Gráficas / B-80161912	Maquetación e impresión trípticos para o Programa Aurora. Subvención Instituto da Muller	599,99 €
93/29-09-11	José Manuel Vereá Cas- telo / 33245534-T	Material servizo de augas	43,98 €
94/29-09-11		Material de mantemento	384,94 €
SANT-175/19-09-11	Federación Galega de Atletismo / G- 15103500 □	Control técnico da V Carreira Pedestre Popular celebrada o 18/09/11. □Subv. Deput. Deportes 2011	600,00 €
0097/17-09-11	Mª. Obdulia López López / 33208229-R	Trofeos V Carreira Pedestre Popular. Subv. Deput. Deportes 2011	472,00 €
110473/16-09-11	Carlos López Ayude 32431803D	Camisetas Carreira Pedestre. Subv. Deput. Deportes 2011	1.020,24 €
12129835/09/09/11	Louzao Vehículos Indus- triales Coruña, S.L.U. / B-15813306	Reparación camión grande de recollida de lixo	987,05 €
671/31-08-11	Juan López Sánchez	Gasolina para desbrozadora	

D-762/15-09-11	34258362T	manual e cortacésped Gasóleo automoción	259,50 € 2.300,00 €
5/01106416/25-08-11 □	Nea F3 Iberica, S.L. B-15361348	Mantemento fotocopiadora cor BH. C353 oficinas municipais	291,65 €
112-11/08-09-11	Aquanor, S.L. / B- 36769305	Revisión e substitución de sonda amperométrica na ETAP	1.685,04 €
41806/07-09-11	Rio Blanco, S.L. B-15.424.047	Hipoclorito sódico para o depósito de Boimil	276,12 €
01/062117/15-09-11	ABN Pipe Abasteci- mientos, S.A. / A- 15149271	Material servizo de augas Material servizo de augas □	187,42 € 1.168,65 €
AR300363/15-09-11	ABM-REXEL, S.L.U. B-28262822	Material eléctrico edificio mini- residencia e centro de día	29,65 €
203-415/11F/17-08-11	Aquagest, S.A. A-28220606	Control calidade auga do abas- tecemento municipal e piscina municipal xullo 2011	473,07 €
1-11037627/26-08-11	Manuel Castro Gómez 33215547M	Confeción nóminas e seguros sociais mes de agosto/2011	554,13 €
1-11037791/28-09-11		Confeción nóminas e seguros sociais mes de setembro/2011	489,35 €
68/11/01-09-11	Autocares de Santiago, S.L. / B-15056955	Servizo realizado o 1 de setem- bro dende Santiago a Boimorto partido Autos Lobelle- Selección de Boimorto	351,00 €
099/11/05-09-11	Cerne Ingeniería, S.A. A-15056468	Asistencia técnico-urbanística mes de agosto de 2011	2.450,00 €
100/11/05-09-11		Asistencia técnica de coordina- ción de seguridade e saúde de proxectos de obras municipais agosto 2011	833,33 €
2011/2114/31-08-11 □	Sogama / A-15379803	Tratamento de residuos urbanos mes de agosto 2011	3.617,08 €
572.253/01-09-11	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa con- sistorial setembro 2011	311,71 €
576.916/10.09.11		Mantemento ascensor minire- sidencia setembro 2011	304,65 €
151.335/20.09.11		Reparación ascensor casa con- sistorial	179,66 €
1729/31-08-11	Serlimat Española, S.L. B-15535875	Servizo de mantemento de □ limpeza mes de agosto 2011	2.585,11 €
950621298/31.03.11	KONE Elevadores S.A. A-28791069	Servizo de mantemento mes de marzo 2011	221,18 €
20110205/01.08.11	Sycigal, S.L. / B15992100	Mantemento contra incendios da miniresidencia e centro de día	691,72 €
001750/07.09.11	Andrade, S.L. / B- 15989692	Cuota bimestral servizos de desinsectación e desratización edificios titularidade municipal	347,57 €
40/2011-30.08.11	Eumelec Galicia, S.L. B15835291	Subministro de software e PDA xestión lecturas contadores do consumo de auga	3.304,00 €
44/31.08.11	Grupo Acofide S.C. J70026604	Prestación servizo monitoraxe de taichi durante os meses de	

		xullo e agosto 2011 nas parroquias de Arceo, Boimorto e Anxeles. Subv. Deput. Deportes 2011	1.273,98 € □
A0120/2011/22.08.11	Pistacatro Productora de Soños, S.L. / B70037213	Actuación de Duelirium o día 21 de agosto pola rede da Deputación da Coruña 2011	1.416,00 €
65/04.09.11	Mundocio eventos & entretenemento B70212279	Festa do neno 2011	1.247,40 €
214/2011/03.09.2011	Culturactiva Soc. Cooperativa Galego F-15983067	Actuación da compañía "Circo Chosco" o día 3 de setembro dentro da programación de Camiños de Cultura 2011 da Xunta de Galicia	400,00 €
Póliza número 0460680445273	Mapfre Familiar Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.	Seguro de responsabilidade civil período do 10-10-2011 ao 10-10-2012	4.976,58 €
28-I182-414586 01/09/11	Telefónica Móviles España, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móbiles	168,28 €
TA3SG0584753 TA3SG0566659 TA3SG0593050 TA3SG0593834 TA3SG0566658 TA3SG0581213 TA3SG0581606 TA3SG0583100 TA3SG0590280 TA3SG0566661 19/09/11	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono centro maiores Recibo teléfono servizos sociais Recibo teléfono ascensor mini-residencia Recibo teléfono miniresidencia Recibo teléfono xulgado de paz Recibo teléfono ascensor concello Recibo teléfono oficinas Concello Recibo teléfono fax concello Recibo teléfono baixo concello Recibo teléfono PAI	74,19 € 100,66 € 16,72 € 19,47 € 23,45 € 16,67 € 381,75 € 0,16 € 84,17 € 19,47 €
Relación de data 08/09/11 □	Gas Natural S.U.R. SDG A-65067332	Recibos de subministro de luz ao alumado público Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	2.864,12 € 266,26 €
03110410325537/ 02.08.11 03110510350370/ 03.08.11 03110610340592/ 04.08.11 03110710305554/ 05.08.11	Unión Fenosa Comercial, S.L. /□ B-82207275	Recibo de subministro de luz a estación □potabilizadora período do 02-03-11/05-04-11 Recibo de subministro de luz a estación potabilizadora período do 05-04-11/04-05-11 Recibo de subministro de luz a estación potabilizadora período do 04-05-11/07-06-11 Recibo de subministro de luz a estación potabilizadora período do 07.06.11/05.07.11	1.586,37 € 1.661,38 € 2.591,03 € 3.258,85 €

Factura non domiciliada 03110810279623 (Período do 07-06-11/12-08-11)	Unión Fenosa Comercial, S.L. B-82207275	Recibo casa do concello <input type="checkbox"/>	697,30 € <input type="checkbox"/>
---	--	--	-----------------------------------

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Teresa Gómez Cea

DATA DO INFORME: 29/09/2011

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal n^o 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia e podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- CARMEN COSTOYA BREA - PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

2.- JOSEFA ANSEDE LÓPEZ - PODOLOXÍA -

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

3.- MARÍA ÁLVAREZ RODRÍGUEZ - FISIOTERAPIA - PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como técnica en intervención familiar-psicológa do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a María Álvarez Rodríguez e no servizo de podoloxía a Carmen Costoya Brea, Josefa Ansele López e a María Álvarez Rodríguez.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de outubro, novembro e decembro do 2011. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e/ou podoloxía.

5.3.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E FACTURA DA OBRA INCLUÍDA NO POS 2011: “REPARACIÓN PARCIAL DEL CAMINO DE CAMPOS A FOROS (PARROQUIAS DE ARCEO Y ANDABAO)”

Vista a acta de recepción da obra incluída no Plan de obras e servizos 2011, denominada “Reparación parcial del camino de Campos a Fornos (Parroquias de Arceo y Andabao)”, cun orzamento de execución de 50.412,82 euros, asinado en data 29/08/2011 pola Alcaldía, o enxeñeiro director de obra D. Ángel Delgado Cid e o contratista D. Carlos Filloy Balseiros a acta de recepción das obras anteditas dando comezo o prazo de garantía das obras dun ano.

Vista a certificación número un e final da citada obra, por importe de 50.412,82 €, acompañada de factura por dito importe co número 36 con data 29 de agosto de 2011 do adxudicatario Antonio Filloy, S.A. (ANFISA) con CIF nº A-36016665.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación número un e final da obra denominada “Reparación parcial del camino de Campos a Fornos (Parroquias de Arceo y Andabao)” por importe de 50.412,82 €, acompañada de factura por dito importe co número 36 con data 29 de agosto de 2011 do adxudicatario Antonio Filloy, S.A. (ANFISA) con CIF nº A-36016665.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á sección de plans provinciais da Deputación Provincial de A Coruña xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

5.4.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E FACTURA DA OBRA INCLUÍDA NO POS 2011: “MEJORA DE CAMINOS EN PIÑEIRO, SAAMIL, FRÁDEGA Y FRANZOMIL (PARROQUIA DE SENDELLE)”

Vista a acta de recepción da obra incluída no Plan de obras e servizos 2011, denominada “Mejora de caminos en Piñeiro, Saamil, Frádega y Franzomil (Parroquia de Sendelle)”, cun orzamento de execución de 57.526,58 euros, asinado en data 29/08/2011 pola Alcaldía, o enxeñeiro director de obra D. Ángel Delgado Cid e o contratista D. Carlos Filloy Balseiros a acta de recepción das obras anteditas dando comezo o prazo de garantía das obras dun ano.

Vista a certificación número un e final da citada obra, por importe de 57.526,58 €, acompañada de factura por dito importe co número 37 con data 29 de agosto de 2011 do adxudicatario Antonio Filloy, S.A. (ANFISA) con CIF nº A-36016665.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación número un e final da obra denominada “Mejora de caminos en Piñeiro, Saamil, Frádega y Franzomil (Parroquia de Sendelle)” por importe de 57.526,58 €, acompañada de factura por dito importe co número 37 con data 29 de agosto de 2011 do adxudicatario Antonio Filloy, S.A. (ANFISA) con CIF nº A-36016665.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á sección de plans provinciais da Deputación Provincial de A Coruña xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

5.5.- SOLICITUDE E OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA O APOIO Á NATALIDADE.

Visto o expediente de solicitude de axuda municipal para apoio a natalidade 2011, ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 129 de data 23/06/2011, iniciado por:

- Dna. Margarita María García Pérez (con rexistro entrada 1317 de data 16/09/2011) debido ao nacemento en data 06/09/2011 do seu fillo Simón Salvat García.

En aplicación da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de subvencións municipais a axudas para apoio á natalidade na anualidade 2011 a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder unha axuda por apoio á natalidade de 300 €uros a Dna. Margarita María García Pérez polo nacemento do seu fillo Simón Salvat García, con cargo a partida 23.48000 do orzamento municipal para a anualidade 2011.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada, con expresión dos recursos que poden interpoñer contro o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñerlos.

5.6.- ESCRITO DE D. JOSÉ ALFONSO LÓPEZ CABANAS, SOLICITANDO A BONIFICACIÓN DO 50% NO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Pola secretaria dáse conta da solicitude e documentación presentada por D. José Alfonso López Cabanas, con DNI nº 76498439W, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar de Leira Longa, parroquia de Arceo, solicitude con entrada no concello nº 1256 con data 31/08/2011, na que solicita a bonificación do 50% do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo matrícula C-4670-AD, marca Renault, modelo R-5 TL.

Vista a ordenanza fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica artigo nº 2

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Reconocer, con efectos desde o 01.01.2012, a José Alfonso López Cabanas como titular do vehículo matrícula C-4670-AD, marca Renault, modelo R-5 TL o dereito da bonificación solicitada.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado co réxime de recursos e déase traslado do seu contido ao Servizo de Xestión Tributaria da Deputación Provincial da Coruña.

5.7.- ESCRITO DE D. JOSE ANTONIO GONZÁLEZ SANTOS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DA OBRA "RENOVACIÓN DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE BOIMORTO".

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. José Antonio González Santos, en representación da empresa Construcciones González y González S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 1266 con data 05/09/2011, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, pola seguinte obra:

Denominación	Importe aval	Data recepción obras
Renovación da cuberta do polideportivo municipal de Boimorto	8.748,58 €	03/09/2010

Visto o informe emitido polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 05/09/2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución do aval solicitado, xa que a empresa realizou a citada obra cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.8.- ESCRITO DA EMPRESA SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L. (SUGEMA), SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DO SUBMINISTRO "DOUS MÓDULOS SANITARIOS PARA O CONCELLO DE BOIMORTO".

Pola secretaria dáse conta do escrito da empresa Sugema, S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 1112 con data 22/07/2011, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, polo seguinte subministro:

Denominación	Importe aval	Data recepción subministro
Dous módulos sanitarios para o Concello de Boimorto	925,00 €	31/07/2010

Visto o informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello, D. Ángel Delgado Cid, de data 05/09/2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución do aval solicitado, xa que a empresa realizou o citado subministro cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.9.-RECURSO DE REPOSICIÓN AO APLAZAMENTO DA LIQUIDACIÓN DA LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 20/2011 TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ SÁNCHEZ GARCÍA.

Visto o recurso de reposición interposto por D. Jose Sánchez García, con DNI 76517901Y, con entrada neste Concello nº 1274 en data 07/09/2011 en relación ao adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 28/07/2011 no que se acorda denegar o aprazamento da liquidación da licenza de obra maior LO 20/2011 de construción dunha nave para explotación de polos no lugar de Fonte Fraga parroquia de Mercurín, outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 26/05/2011

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso interposto, con fundamento na normativa indicada no acordo de denegación do aprazamento da liquidación da licenza de obra adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 28/07/2011.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

5.10.- DACIÓN DO INFORME EMITIDO POLO TÉCNICO DEPORTIVO DO CONCELLO

Pola secretaria dáse conta do informe emitido por César Buján Barral, técnico deportivo do concello, que se reproduce literalmente:

<<* O VIII Torneo de Tenis “Concello de Boimorto” a celebrar do 22 ó 31 de agosto de 2011 non puido ser realizado xa que non houbo o número mínimo de inscritos necesarios para a súa execución.

* O maratón de Fútbol Sala que se ía a celebrar os días 26, 27 e 28 de agosto de 2011 non tivo lugar debido a que non houbo o mínimo de 16 equipos inscritos.

En Boimorto, a 28 de setembro de 2011
Asinado

César Buján Barral>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

ÚNICO.- Comunicar o presente acordo aos servizo contabeis administrativos para os efectos oportunos.

5.11.- ESCRITO DA ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A., SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A DIRECCION FACULTATIVA E TÉCNICA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA EN BOIMORTO”.

Pola secretaria dáse conta do escrito da empresa Estudio Técnico Gallego S.A., con rexistro de entrada neste concello nº 1072 con data 14/07/2011, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, polo seguinte servizo:

Denominación	Importe aval	Data recepción
Servizo de asistencia técnica para a dirección facultativa e técnica e coordinación de seguridade e saúde da obra “Centro de día e miniresidencia en Boimorto”	1.767,24	----- --

Vista a cláusula cuarta do contrato do servizo asinado con data 18/11/2009 que sinala “o prazo de prestación do servizo queda supeditado á duración da obra e a súa liquidación”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Denegar a devolución do aval solicitado ata a liquidación da obra centro de día e miniresidencia, que se realizará pasado o prazo de garantía da referida obra.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

5.12.- DACIÓN DO INFORME EMITIDO POLA NORMALIZADORA LINGÜÍSTICA DO CONCELLO

Pola secretaria dáse conta do informe emitido por César Buján Barral, técnico deportivo do concello, que se reproduce literalmente:

<< INFORME FINAL TEMPO DE LECER 2011:

Resumo usuarios do servizo:

TEMPO DE LECER	5 días/semana nº de nenos/as	3 días / semana nº de nenos/as	Actividades nº de nenos/as	usuarios trans- porte
1º trimestre	23	6	17	32

2º trimestre	16	7	18	17
3º trimestre	16	4	18	16

Resumo pago do servizo:

1º trimestre	2 meses, (2 medios meses)	1976.80€
2º trimestre	3 meses	2446.05€
3º trimestre	2 meses e medio	1936.93€

Total recadado: 6359.78€

Número de merendas (1.20€/merenda):

1º trimestre	44 días	29 merendas	1276€
2º trimestre	56 días	23 merendas	1288€
3º trimestre	46 días	20 merendas	920€

Total merendas: 4180.00€

Memoria económica:

Outubro: 494.20 €	
Novembro: 988.40 €	
Decembro: 494.20 €	1º TRIMESTRE - 1976.80 €
Xaneiro: 809.35 €	
Febreiro: 676.35€	
Marzo: 676.35 €	2º TRIMESTRE - 2162.05 €
Abril: 786.6 €	
Maio: 786.6 €	
Xuño: 393.3 €	3º TRIMESTRE - 1966.50 €

TOTAL ACTIVIDADES: 5831.225 €

Boimorto, a 28 de setembro de 2011

Asinado

Silvia Cea Vázquez>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Comunicar o presente acordo aos servizo contabeis administrativos para os efectos oportunos.

5.13.- APROBACIÓN PREMIOS DO III CONCURSO LITERARIO DE MINIRELATOS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Vistas as bases para regular o III Concurso literario de Minirelatos do Concello de Boimorto, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de abril de 2011.

Vista a acta de deliberación do xurado que outorga ditos premios de data 16 de xuño de 2011 e vista a presentación das facturas por gasto realizado por importe do premio que corresponde.

A Xunta de Goberno Local vista a acta de deliberación do xurado que outorga os premios do III Concurso de Minirelatos do Concello de Boimorto en aplicación do artigo 5 das bases que rexen o concurso **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Establecer premios con cargo á partida 33.48100 do vixente presuposto municipal.

SEGUNDO.- Aprobar o pago do correspondente premio segundo a categoría a que correspondan, coa seguinte dotación económica, e en base as facturas presentadas por gasto en material escolar, deportivo, de lecer ou similar de cada un dos premiados:

	Nº Factura	Data	Titular NIF	Concepto	Importe
Categoría I □					
1º premio: 40€ Yara González Barral	13	07/09/11	Mª Lourdes Verea Seoane 76510236T	Material escolar: gomas de borrar	0,27 € □
	110900 900242	07/09/11	ALCAMPO A28581882	Material escolar e de lecer	39,73 €
2º premio: 20€ Uxía Quintela Gómez	17	21/09/11	Mª Lourdes Verea Seoane 76510236T	Libros	20,00€

Categoría II:					
1º premio: 50€ Carla Rey Blanco	11 17	06/08/11	Corzo Guarnicionería S.L B15913205	Material deportivo	50,00 €

Categoría III:					
1º premio: 50€ Aitor Veiga Hernández	2878/1	28/06/11	Socorro Gómez Sánchez 76492384L	Libros e revistas	50,00€
2º premio: 20€ Alba Sánchez Ares	33.997	07/07/11	Comunicaciones Lago S.L. B15902927	Cartucho de tinta	20,00€

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 316, 318, 329, 330, 332 e 355 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:55 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez